



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E OITO DE ABRIL DE 2014, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Escusa asistencia	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día vinte e oito de abril de dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta. Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratarse os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19/03/2014).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o dezanove de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre toma de coñecemento da renuncia de don Eloy J. Iglesias López ao seu cargo de concelleiro.

Dáse conta do escrito núm. 349/14 no que don Eloy José Iglesias López presenta a súa renuncia ao cargo de concelleiro desta Corporación para o que fora elixido nas últimas eleccións municipais nas listas do PSdG-PSOE.

Dáse conta así mesmo dos escritos núms. 437/14 e 438/14 nos que don Gerardo Cerdeira Clemente e don Ramón Vaamonde Araujo respectivamente presentan tamén a súa renuncia a ocupar o posto de concelleiro desta corporación.

En función do establecido ao efecto no artigo 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e no artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia de don Eloy José Iglesias López como concelleiro desta Corporación.



Segundo.- Comunicarlle este acordo á Xunta Electoral Central para que remita a credencial de dona María Celia Alegre Maceira, seguinte na lista dos que concorreron nas últimas eleccións municipais, para que poida tomar posesión do seu cargo.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento e acepta a citada renuncia.

3º.- Aprobación, se procede, da ordenanza fiscal reguladora da corta, depósito, carga e transporte de madeira.

Pola Presidencia dáse conta do acordo acadado na Comisión informativa de Economía e Especial de Contas de deixala pendente para que os grupos fagan as súas achegas ao texto da ordenanza, sinalando que cre interesante dispor dunha ordenanza municipal neste tema.

4º.- Acordo, se procede, sobre delegación na Xunta de Goberno Local do sorteo dos membros das Mesas Electorais en función da sentenza do Tribunal Constitucional 161/2013, do 26 de setembro

Dáse conta da Comunicación da Xunta Electoral Central dando traslado do acordo polo que á vista da Sentenza do Tribunal Constitucional 161/2013, do 26 de setembro, non hai obxección para que o sorteo dos membros das Mesas Electorais se faga en Xunta de Goberno Local, sempre e cando o Pleno do Concello acorde a delegación desa competencia no citado órgano, cumprindo a previsión establecida no artigo 26.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, isto é, que se leve a cabo nunha sesión pública.

Á vista da citada sentenza, propónse ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Delegar na Xunta de Goberno Local o sorteo dos membros das Mesas Electorais dos vindeiros procesos electorais, coas previsións establecidas no artigo 26.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a citada proposta.

5º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG sobre da gratuidade dos libros de texto.

Dáse conta da moción do BNG na que se expón que o vindeiro curso 2014/2015 a LOMCE entrará en vigor en 1º, 3º e 5º de Primaria, e 1º de Formación Profesional Básica, o que obrigará aos estudantes destes niveis a adquirir manuais adaptados aos novos decretos de ensinanzas mínimas, que unido ao recorte do 40% do programa de financiamento de libros de texto e material escolar no ensino obrigatorio respecto ao ano anterior, pode provocar que unha parte do alumnado non poida acceder aos manuais necesarios para seguir as clases con normalidade.

A confederación de ANPAS Galegas defende que non é un problema de prioridades das familias, senón un problema de dereitos, pois tal e como denuncia un recente informe do Defensor do Pobo, o carácter gratuíto do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos e todas a estes estudos, e por iso, o carácter gratuíto debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis, o que esixe medidas que fagan



posible o acceso dos alumnos/as a estes sen ningún custo. Esta opinión foi avalada e compartida polo Consello Escolar do Estado que no seu informe do curso 1998-1999 di textualmente “A Constitución española é taxativa. A educación básica é obrigatoria e gratuíta. Os libros de texto ou material didáctico que for preciso para impartir a educación básica, e por tanto, para garantir o dereito fundamental á educación, terá que ser gratuíta”.

Por todo iso propónse ao Pleno que lle esixa á Xunta de Galicia:

- 1.- A volta ao sistema de préstamo universal.
- 2.- Que se avance na gratuidade total de todos os medios que se utilicen no ensino público.
- 3.- Que se doten os centros de persoal abondo para xestionar axeitadamente o sistema de préstamo.
- 4.- Que non se cambien os libros de texto para o vindeiro curso escolar naqueles cursos en que se vai implantar a LOMCE.

O Sr. Pose do BNG expón que o importante da moción, independentemente de que hai unha esixencia, unha solicitude, é que sexa aprobada. Sinala que hai un conflito constante entre o Estado e a Comunidade Autónoma, posto que temos unha xestión da educación que está transferida, e incluso a Comunidade Autónoma ten lexislación propia que obriga á mantenza dos libros de texto durante seis anos, e sen embargo, independentemente da aprobación da LOMCE, que neste pleno tamén en moción presentada polo BNG votou en contra, sobre dese conflito remata perdendo sempre a Comunidade Autónoma, é dicir, independentemente de que dende a Xunta de Galicia se diga que se evitará, veremos o que acontece cando o Ministro Wert impoña a súa lexislación.

Di ademais que solicita o voto e cre que é imprescindible que dende todos os concellos e as ANPAS se fagan todos os esforzos posibles porque os cartos que supoñen para unha familia a compra do material didáctico, que tería que ser gratuíta, é unha barbaridade, máxime cando eran gratis na época do bipartito e se demostrou que o sistema de becas tampouco é viable; polo que a solicitude básica é volver a un sistema de préstamo universal que funciona perfectamente de xeito modélico. Mesmo agora como se desvinculou dun proceso autonómico están as ANPAS, e en Vedra temos un exemplo, reconstruíndo ese proceso que tiña que ser a nivel da Xunta e agora hai que desmontalo de novo posto que integramos de novo un sistema educativo que necesita material didáctico novo.

O Sr. Lema do PP expón que como xa avanzou na Comisión Informativa e coas modificacións propostas no sentido de cambiar “esixa” por “solicita” apoiarán os acordos da moción.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE manifesta o voto favorable seguindo o debate outras veces traído a este pleno coa mesma argumentación sobre deste tema.

Posta a votación a citada moción coas modificacións acordadas apróbase por unanimidade dos asistentes.

6º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP sobre da Lei Orgánica do Poder Xudicial.



A Presidencia expón que se trata dun tema que coñece perfectamente pola súa profesión, e que lle gustaría acadar un acordo unánime de todos e se para iso fai falta retiralo da orde do día e debater un texto entre todos os grupos e levalo ao seguinte pleno, que non ten ningún problema.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE di que tal e como está redactada a parte dispositiva votarán en contra, porque non lle parece ambiciosa, posto que se defende que continúen os partidos xudiciais das sete grandes cidades, Vedra segue como está, e como representantes da cidadanía teñen que defender o acceso máis igualitario do resto dos galegos, polo que o seu grupo solicita que a parte dispositiva sexa máis ambiciosa.

Intervén de novo a Presidencia e di que está de acordo co exposto pola voceira do PSdG-PSOE, solicitándolle aos demais grupos que nas vindeiras semanas fagan as súas achegas para redactar un texto que sexa aprobado por unanimidade no pleno do mes de maio para non demorar moito o asunto.

7º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG solicitándolle a AESA a inclusión do solo de núcleo rural como núcleo urbano consolidado.

Solicítase a declaración de urxencia deste punto que se aproba por unanimidade.

De seguido dáse conta da citada moción presentada polo BNG na que se expón que coa entrada do Real Decreto 297/2013, todos os expedientes de obras que se atopen dentro da servidume aeronáutica, neste caso, do aeroporto de Santiago de Compostela, que afecta a unha gran extensión do concello de Vedra, deben ser remitidos á Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA), e dado que o noso PXOM non dispón dun informe previo con carácter favorable da Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento, o prazo máximo para a emisión dun acordo para construír, instalar ou plantar en zonas de servidume aeronáutica será de seis meses, en vez de tres, que se non se recibe enténdese que o acordo é en sentido desfavorable, impedindo a concesión da licenza.

Di tamén que só quedan exentos de solicitar permiso a AESA as obras menores que se atopen dentro dun Núcleo Urbano Consolidado, pero Galicia ten unha particularidade que non existe no resto do estado español, que é o Solo de Núcleo Rural, que en Madrid non é recoñecido como Núcleo Urbano Consolidado a estes efectos, afectando gravemente a un sector moi golpeado pola crise, ademais de que este exceso de burocracia dilata de maneira desproporcionada o comezo das obras de certa urxencia, polo que propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.-O concello de Vedra installe ao Ministerio de Fomento e á AESA a que para os efectos anteriormente expostos, se teña en conta o Solo de Núcleo Rural como Núcleo Urbano Consolidado.

2º.-O concello de Vedra installe á Xunta de Galicia a que medie co Ministerio de Fomento e a AESA, neste asunto.

3º.-Que o concello de Vedra se poña en contacto co resto de concellos afectados, para estudar as posibles medidas de presión conxuntas.



O Sr. Pose do BNG di que se trata dun problema técnico, posto que se aproba unha lexislación estatal que obriga a que calquera obra que se execute na zona de descenso da autoestrada de despegue dos avións sexa comunicada a AESA, e como o noso PXOM é anterior a esta lexislación, e polo tanto non existe consulta previa, a demora máxima posible para que ese organismo emita o informe preceptivo é de seis meses, que no caso de non existir, enténdese como silencio administrativo negativo, co que pode acontecer que un veciño teña que facer un retellado nunha zona de expansión de núcleo rural e que se demore máis de seis meses e non poida levar a cabo a obra, e por encima en Galicia non existe no rural núcleos urbanos consolidados, son núcleos rurais, que é unha denominación propia á que pertence a nosa dispersión, de tal xeito que pode acontecer que chegue a Madrid e o técnico non se decate.

Sinala por último que na moción o que se solicita e que se lle comunique a AESA que en Galicia o núcleo rural está asimilado a núcleo urbano, que se poña en contacto co resto de concellos afectados, que son sobre 30 para o Aeroporto de Santiago, para facer un comunicado conxunto e facer forza.

O Sr. Lema do PP di que é unha cuestión técnica que loxicamente van apoiar.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE di que tamén votarán a favor.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

8º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

Á pregunta de dona Lucía González do PSdG-PSOE sobre das novas bases para a adxudicación de contrato do servizo de axuda no fogar, a Presidencia contéstalle que quedarán rematadas nesta semana.

Polo que respecta ao novo convenio coas traballadoras, di que deste tema está encargándose o concelleiro de Servizos Sociais don Rogelio Lema, e que o borrador xa está rematado; estando á espera do informe do asesor xurídico, que se lle enviará aos sindicatos para o seu estudo e posteriormente se convocará a mesa nos próximos días, que o obxectivo é que no mes de maio poida estar consensuado cos sindicatos.

9º.- Rogos e preguntas

--Dona Lucía González do PSdG-PSOE formula as seguintes preguntas:

1.- Na acta da Xunta de Goberno do 19/07/2012 dábase conta da Resolución da Alcaldía do 11/07/2012, na que se ordenaba a realización do contrato de servizos para crear un novo deseño da páxina web axeitado ás necesidades actuais de funcionalidade e dinamismo, con Estela Gómez Navarro, por importe de dous mil catrocentos (#2.400,0#) euros máis IVE.

Na Xunta de Goberno do 28/11/2012 abónase o 50% da facturas por importe de 1452 euros e posteriormente o 30/05/2013 apróbase outra a unha empresa Campi-Champi-Ñon Comunicacion, S.L., por importe de 1.089,00 €.

Repasando os borradores das actas das Xuntas de Goberno non figuran rexeitas ás mesmas, pero tampouco existe a páxina web, polo que pregunta que pasa con esas facturas?



2.- Sobre do incremento do canon de Sogama, di que no concello xa se recibiría a factura do mes de marzo co incremento do 34%, e que xa se levou varias veces ao pleno diversas mocións de xestión sustentable dos residuos, e de Sogama en particular, manifestando o equipo de goberno que Sogama era a opción máis viable e económica e que en calquera caso o incremento do canon non ía repercutir nos veciños, pero indirectamente si se repercute porque se están a detraer fondos públicos para este tema que poderían ser utilizados para outras cousas , preguntándolle: de verdade van pagar ese incremento do canon?.

Sinala que existe un contrato entre partes e esa disposición que vén na Lei de Orzamentos do 2013 non deixa de ser unha inxerencia entre partes, solicitando neste momento, e mañá farao por escrito, un informe do Sr. Secretario-Interventor do concello ao respecto, se considera que se debe pagar que se pague, e se non procede que non se faga. Di tamén que nestes días saíu na prensa que moitos concellos se están a opoñer á realizar este pago, e se o equipo de goberno non quere tomar só esa decisión que a traian ao pleno que eles apoiarano, para que ese diñeiro non saia das arcas públicas á espera de que se resolva pola vía que sexa, máxime cando saíu publicado no Faro de Vigo un artigo cuestionando a viabilidade de Sogama aínda con este incremento.

3.- Á vista da Sentenza do Tribunal de Xustiza, pregunta se o concello solicitou a devolución do céntimo sanitario que remataba o prazo o 20 de abril, e que afectaba á venda polo miúdo de hidrocarburos, e a canto ascende o importe de devolución.

4.- Botándolle unha ollada ao programa electoral do PP de Vedra no apartado de Infraestruturas di “planificación seria, rigorosa e con sentido común en relación ao mantemento permanente e limpeza das pistas do concello e cunetas ao longo de todo o ano. Procuraremos que non quede sen asfaltar ningunha pista municipal que dea acceso aos núcleos de poboación ou vivendas, e o arranxo serio, planificado e programado do resto, é preferible facer moito e ben, que moito e mal”. Di que de calquera xeito fálase de planificación e é certo que os invernos non foron bos, pero queren coñecer esa planificación máis alá do programa de obras da Deputación, que vén a financiar os arranxos en camiños, e cal foi a planificación nos últimos tres meses e cal é a dos tres seguintes; así como van organizar o persoal do que dispón o concello e a maquinaria para facer fronte ao mantemento de pistas e cunetas.

--O Sr. Cobas do PSdG-PSOE pregunta:

1.- Di que no ano 2011 á vista da denuncia de dona Amelia Fernández contra don José Rendo abriuse un expediente por un linde coa vivenda en Reboredo -Ponte Ulla e ditouse decreto con data seis de marzo ordenando a solicitude de licenza ou ben a imposición de multas coercitivas de 600 euros . Pregunta como está este tema? Posto que pode derivar nun certo conflito entre veciños.

2.- Di tamén que en Ponte Ulla se retiraron farois que despois do proceso de concentración parcelaria quedaban dentro de fincas privadas, con moi bo criterio, pero aínda existen algunhas pendentas de retirar, preguntando se o vai facer ou non.

3.- Pregunta como está o tema da cesión de locais públicos que se solicitaron pola Asociación de Santa Cruz de Ribadulla e Vedra, recordándolle que se comprometeron a solucionalo antes do Nadal

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e vinte minutos.